

CONVOCATORIA

Antípodas
Journal of Hispanic and Galician Studies

Director: Roy C. Boland Osegueda
Centro de Estudios Galegos, La Trobe University, Melbourne, Australia

Antípodas XXII

Panorama da escrita en lingua galega entre os séculos XX e XXI

*Critical Perspectives on Galician Literature in the Twentieth
and Twenty First Centuries*

**Unha colaboración entre *Antípodas* (*Journal of Hispanic and Galician Studies*)
e a Universidade da Coruña, UDC (Spain)**

Editores: Roy C. Boland Osegueda e José Miguel Alonso Giráldez

Convidamos a participar neste volume dedicado a escrita actual en galego a todos os especialistas e investigadores no eido da literatura galega no cambio de século (aproximadamente entre 1990 e hoxe), aínda que tamén poden remitirse artigos en torno a literatura escrita en lingua galega e publicada despois do ano 1975. *Antípodas* pretende poñer ó día o momento literario de Galicia e, asemade, presentar un panorama dos autores máis novos que están xa a publicar con éxito. Estamos á procura de artigos orixinais que permitan olladas novedosas, diferentes enfoques da crítica, e, nesa mesma liña, aportacións no eido poscolonial, a literatura comparada ou os estudos de xénero. Os traballos deberán versar, preferentemente, sobre a produción literaria de autores en lingua galega que acadaron un certo nivel de notoriedade a partir do ano 1990, e aqueles outros máis novos que están agora acadando os primeiros recoñecementos polo seu labor literario. *Antípodas* desexa, deste xeito, analizar a situación da literatura en galego e tamén as súas perspectivas cara ó futuro máis inmediato.

As colaboracións deben ter un mínimo de 4.500 palabras e un máximo de 6.000. Nun primeiro momento deben enviarse como arquivo adxunto ó enderezo electrónico que aparece máis abaixo. Os artigos deberán estar compostos no programa Word, Times New Roman, fonte 12 (e no mesmo corpo e fonte, notas e obras citadas). O formato da páxina é A4, escritas a dobre espazo, seguindo a última edición das normas da MLA (no caso de ter dúbidas, consultar na páxina web da *Modern Language Association*). Na primeira páxina, o autor deberá incluír o seu nome completo, título ou títulos do traballo, institución académica á que pertence, e o enderezo postal, xunto co enderezo electrónico. Os textos poderán estar redactados en lingua galega, en castelán ou en inglés. Todas as notas deben ir ó final do traballo (non máis de 10 notas por artigo e un máximo de 5 liñas por nota). As notas deben incluírse ó final, pero diante da listaxe alfabética das obras citadas. A versión electrónica do artigo, e calquera outra mensaxe por parte dos autores, debe ir dirixida preferentemente ós seguintes enderezos: giral@udc.es
editor@antipodas.com.au

Esta publicación é ‘peer-reviewed’ (revisada por pares). Unha vez aceptado o manuscrito para a súa publicación, os autores poden ser contactados para realizar posibles cambios recomendados nos textos.

Prazo límite para o envío dos traballos completos: 15 de Decembro de 2007.

Pódese obter máis información sobre *Antípodas* na súa web: www.antipodas.com.au